

## Pregón da Festa do Viño Tinta Femia de Cela. Suso Portela \*

Estou convencido de que Cela é unha terra bendecida por algún Ser superior. Ten un emprazamento fermosísimo sobre a cara sur da ría de Pontevedra, orientada ao Norte e ao Oeste, para que todos poidamos admirar as sorprendentes e variadas postas de sol tralas illas de Ons.

Ten unha terra agradecida cos que a coidan. Moita auga e polo tanto moitas colleitas para calqueira variedade de produto que se cultive.

A súa costa acolle as mellores praias galegas. Así de rotundo, sen dubidar. Dende Agrelo-Portomaior, pasando por Covelo, ata Lapamán, a única praia inmortalizada polo xenial escritor Álvaro Cunqueiro cando a describía como a praia que canta, lembrando o paso dos nosos pes sobre a súa finísima area e o son que nos acompaña cando paseamos por este areal.

Cela tamén ten moita historia porque a súa igrexa é unha das poucas da época románica que se conserva para ledicia e disfrute dos seus veciños e dos nosos visitantes.

E tampouco podo deixar de gabar a súa xente. Boa e traballadora, acollidora e servicial. Dende labregos ata colleiteiros, dende mariñeiros a armadores e patróns, dende taxistas a hosteleiros.

E a boa terra e a boa xente sempre ten algo bó que ofrecer aos demáis. O viño tinta femia pode resumir todo o bo que ten Cela. Unhas viñas e unhas uvas coidadas con agarimo para ofrecernos un viño único, distinto, de calidade. Froito do moito traballo levado a cabo dende moitos anos atrás e que con esforzo e fé no produto está a ocupar un lugar de privilexio no panorama dos viños galegos de calidade.

O éxito e a calidade destes caldos de Cela son o resultado do traballo arreo de moita xente; xente que creou no produto que coidaba nas viñas; xente que loitou por ofrecer aos seus clientes e amigos un viño que foi mellorando co paso de tempo e que hoxe pode estar nas mellores mesas de casas e establecementos hosteleiros sin sentir ningún tipo de vergoña con respecto a outros viños tintos de cuxo nome prefiro non lembrar nin mencionar, como dixo o legendario Quixote daquel lugar da Mancha.

Cela está a celebrar unha nova edición da Festa do Viño Tinta Femia. Todo resumido nesta frase. Festa, alegría e ledicia, disfrute e diversión nun recinto de paisaxe inmemorable. Viño, procedente das viñas e uvas da terra de Cela, e complemento ideal para acompañar calqueira almorzo, caldo que sempre une á familia e aos amigos a seu arredor cando sempre hai un motivo para unha celebración. Tinta, porque este viño e sangue das viñas e uvas da terra de Cela, ben coidadas e ben regadas. E Femia, é decir, muller, compañeira, acougo, vitalidade. E permite que teña que corrixir a letra dunha das cancións que sempre cantábamos de mozos cando viñamos a disfrutar das festas de Cela, unha parroquia que no mes de agosto sempre estaba de verbena, fora pola virxe, fora por San Roque ou polos tradicionais "Vivas" coa xuventude de Ardán. Dicía que aquela canción decía así:

"As mozas de Cela  
cando van co gando,  
espichan a vara  
e baillan o tango.  
E baillan o tango,  
E a muíñeira,  
As mozas de Cela

(e esquí cambio a letra para dicir que)  
hai moitos que as queiran.

Viva Cela, o seu viño, e as súas femias  
Por sempre xamais.